



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORALLOITA
polo TEU**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 877 Semana do 25 ao 31 de outubro de 2021

É IMPRESCINDIBLE DERROGAR A REFORMA LABORAL DE 2012 PARA CREAR EMPREGO DIGNO E DE CALIDADE

A precariedade continúa a ser unha constante. A taxa de temporalidade aumenta, é do 26% , a de parcialidade do 13,4% e no caso da involuntaria do 51,3%

Redacción.- Os datos da EPA, feitos públicos este xoves, reflicten unha mellora do emprego, sen embargo, a precariedade continúa a ser unha constante, cunha taxa de temporalidade do 26%, aumentando en case dous puntos en relación ó trimestre anterior e ó ano 2020, e a de parcialidade do 13,4%, que no caso da involuntaria sube ata o 51,3% en Galicia. Resulta urxente derrogar a reforma laboral de 2012 e impulsar un novo sistema de políticas activas de emprego para crear traballos dignos, decentes e con dereitos. Para UGT-Galicia, a reforma laboral supón un impedimento esencial para reverter o abuso da temporalidade e parcialidade involuntaria na contratación. Urxe dar un paso cara un novo modelo de relacións laborais que impulse a creación de emprego estable e de calidade e, por tanto, erradique a precariedade crónica que asola a gran parte dos traballadores e traballadoras. De xeito simultáneo, debe establecerse un marco equilibrado de negociación colectiva, que recupere a prevalencia dos convenios sectoriais sobre os de empresa e a prórroga da cobertura esencial dos convenios ó termo da súa vixencia (o que se coñece como ultraactividade), asegurando á súa vez un crecemento xusto dos salarios.

Fronte ás interesadas interpretacións que se están lanzando en relación ás obrigas que impón a Comisión Europea respecto dos contidos da reforma laboral en España, UGT-Galicia quere deixar claro que non existe tal condicionalidade para recibir os fondos Next Generation EU. Europa si obriga a realizar modificacións legais para intentar resolver os problemas que sofre o mercado laboral, pero non di nada sobre as medidas concretas que deben introducirse, nin moito menos, sobre os aspectos que deben manterse ou removerse da nefasta (e unilateralmente imposta) reforma laboral do



PP. Que ninguén busque escusas en Europa para non realizar cambios ós que se comprometeu o Goberno de coalición no seu programa.

Reforma das políticas activas de emprego e máis medios para o SEPE

Á súa vez, UGT esixe unha reforma profunda do noso sistema de políticas activas de emprego, toda vez que o actual funciona dun xeito deficiente, ofrecendo escasas oportunidades e garantías ó colectivo de desempregados. No mesmo senso, tamén é imprescindible dotar ós servizos públicos de emprego dos recursos humanos e materiais necesarios, á fin de reverter os recortes efectuados no pasado. Porque o SEPE debe converterse nun punto de apoio das empresas para solicitar empregados de calidade e aptos para as súas necesidades de contratación.

Baixando ós datos concretos facilitados este xoves, rexístrase unha mellora nas cifras da EPA con respecto ó trimestre anterior e tamén en relación ó mesmo trimestre de 2020. Motivado isto, de seguro, pola mellora tamén no eido sanitario. Hai en Galicia 126.700 persoas en situación de desemprego e, deste total, 51.500

levan máis dun ano nesta situación.

UGT-Galicia alerta do escaso dinamismo do mercado laboral galego, cunha taxa de actividade do 53%, afastada da de case 60% do Estado

Non obstante, pese á mellora pola situación sanitaria, Galicia segue a presentar peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 52,9%, fronte ó 59,14% do resto do Estado. Un mercado laboral, o galego, marcado pola tendencia á inactividade, ó desánimo e ás poucas oportunidades.

En canto á ocupación, esta aumentou en 35.800 persoas, un 3,3%, e, en relación ó mesmo trimestre do ano anterior, en 30.000, un 2,8%, hai en Galicia 1.112.500 ocupados. E o paro caeu en 25.700, un 16,9%. Marcado isto, ademais de pola mellora da pandemia, pola temporada estival á que se refiren os datos. En relación ó mesmo trimestre de 2020, hai 18.100 desempregados menos, baixan un 12,5%. Así, a taxa de paro queda no 14,6% no Estado e no 10,2% en Galicia, con 126.700 per-

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

soas en desemprego. Pero é que esta menor taxa galega apunta a menor presión da demanda do emprego, polo desánimo, polas poucas expectativas ou polo pouco dinamismo do noso mercado laboral.

Mulleres e mozos, os dous sectores da poboación máis prexudicados polo desemprego

Por sexos, de novo, son as mulleres as que sofren máis o desemprego, cunha taxa do 11,1%, fronte ó 9,5% no caso

dos homes. E no caso dos máis mozos, esta sube ata o 24,3%.

Preocupa a forte caída do emprego na industria, con 8.800 postos de traballo menos que no mesmo trimestre de 2020, unha baixada do 4,9%. Evolución contraria ó resto do Estado onde rexistra un repunte interanual, en 40.400 empregados máis.

En termos de ocupación, esta aumenta no trimestre nos servizos, en 377.200; na industria, en 63.000; e baixa na agricultura, en 49.300; e na construción, en 31.200. Interanualmente aumenta en todos os sectores, 739.100 ocupados máis en servizos, 44.300 na construción, 40.400 na in-

dustria e 30.400 na agricultura.

A taxa de temporalidade mantense na cuarta parte da poboación asalariada, o 26%. De feito, o repunte do emprego dáse con emprego temporal maioritariamente, en termos relativos o emprego temporal medra o 12,1% no trimestre, fronte a tan só o 1,6% do indefinido. Con respecto a hai un ano, medra o temporal nun 8,4% e o 0,6% o indefinido.

A situación dos fogares segue a ser moi preocupante. Hai en Galicia 46.100 fogares con polo menos unha persoa activa e nos que todos os activos están no paro e 28.000 sen perceptores de ingresos.

FOLGA XERAL NA MARIÑA O 17 DE NOVEMBRO

Por un futuro industrial para a comarca

Redacción.- UGT, xunto con CCOO e CIG, anuncian a convocatoria de folga xeral na Mariña para o vindeiro 17 de novembro.

Os tres sindicatos demanda ós sectores económicos e da sociedade mariñana que se sumen a esta folga para reclamar un futuro industrial para A Mariña.

Evidentemente, as crises de Alcoa e Vestas están detrás desta convocatoria. Vestas non da marcha atrás na súa intención de poñerlle fin á fabricación de aerogeneradores en Viveiro, de feito nas mesas de negociación, tanto na do propio ERE como na mesa industrial, non se moven das súas posturas. E, polo súa banda, hai que lembrar que Alcoa presentou un ERE,

que afectaría a uns 500 traballadores, pero que agora o TS, igual que o fixo no seu momento o TSXG, reitera a súa nulidade

A folga será un mes despois da manifestación que tivo lugar en Viveiro convocada tamén por UGT, CCOO e CIG para demandar o futuro industrial e a continuidade do emprego na Mariña.

UGT-FICA-GALICIA SAÚDA A CONFIRMACIÓN DO TS DA SENTENZA DO TSXG QUE DECLARA A NULIDADE DO ERE DE ALCOA

Redacción.- UGT-FICA-Galicia saúda e valora moi positivamente o anuncio que ven de facer a Sala do Social do Tribunal Supremo (TS) que confirma a sentenza do TSXG, do 17 de decembro de 2020, que declaraba a nulidade do ERE de Alcoa Inespal na súa planta de San Cibrao, por entender que a empresa tiña incurrido en mala fe comercial no período de consultas. O TS desestima así o recurso de casación interposto polo Grupo Alcoa Inespal.

Naquel momento, a raíz da sentenza de decembro de 2020, Alcoa viuse obrigada a reincorporar ós traballadores afectados e aboarlles os salarios deixados de percibir polo despedimento. Como ben apuntaba a sentenza do TSXG, o único fin que guiaba a Alcoa era apagar as cubas, pechar a fábrica da maneira máis rendible posible. Unha vez máis, ten que ser a Xustiza a que teña que poñer freo ó xeito de actuar, baixo a mala fe, de certas multinacionais.

Unha vitoria dos traballadores e tra-

balladoras pola súa loita e constancia

UGT-FICA-Galicia insiste en que, ante esta sentenza, que reitera o sentir do TSXG, e que supón unha vitoria para os traballadores e traballadoras de Alcoa pola súa loita e constancia neste longo conflito, non queda outra saída que, entre todas as partes seguir traballando polo futuro para a factoría da Mariña e o mantemento dos postos de traballo.

Ás administracións, UGT pídelles coordinación e un traballo conxunto para garantir que Alcoa continúe a producir na Mariña porque o Sindicato insiste en que está claro que Alcoa ten futuro e entre todos os actores implicados hai que traballar por este futuro.

As administracións, tanto a central como a Xunta, non se poden esquecer do importante activo que representa a factoría de San Cibrao, que achega o 30% do PIB de toda a provincia de Lugo, polo que a loita



polo seu futuro é obrigada.

Non obstante, o Sindicato ten claro que a loita non rematou aquí, como xa se dicía cando se coñeceu a sentenza do TSXG, queda un longo camiño por diante para os representantes dos traballadores e para as administracións. Queda un longo camiño no que Alcoa e administracións teñen que dialogar e sentarse coas partes, dialogar e negociar pero baixo o paraugas da boa fe e co fin de garantir dunha vez por todas o futuro da fábrica. As administracións non poden seguir "mareando a perdiz" nesta situación e están obrigadas a garantir o futuro da factoría da Mariña.

UGT SERVIZOS PÚBLICOS ENTREGA A 1ª MENCIÓN HONORÍFICA DO PREMIO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA Á AULA HOSPITALARIA DO ARQUITECTO MARCIDE

Redacción.- O sector de Ensino de UGT-Servizos Públicos fixo entrega da 1ª mención honorífica dos Premios de innovación educativa, convocados por Escola Viva, á profesora Pilar Porta Rodríguez da aula hospitalaria do devandito hospital ferrolá polo proxecto “A humanización educativa da escola hospitalaria e dos espazos de atención á infancia hospitalaria”.

Neste acto, que se celebrou hoxe, foi recoñecido o valor innovador dun proxecto fundamentado nas bases da pedagogía hospitalaria co fin de axudar ó menor enfermo a continuar desenvolvéndose coa maior normalidade posible.

O obxectivo do proxecto é facer da aula hospitalaria un espazo máis activo, participativo, interdisciplinar e integrador, en definitiva, buscar a mellora do clima sanitario,

humanizando diversos espazos dende un enfoque educativo que cada día crea na infancia hospitalizada ilusión, emoción e expectativas positivas que lles axudan a evadirse dos seus medos e temores.

O Sector de Ensino de UGT - Servizos Públicos de Galicia leva dende o curso 2003/2004 participando nos Premios de Innovación Educativa convocados por Escola Viva.

Estes premios, aos que se poden presentar profesores de Educación Infantil e Primaria, Educación Secundaria, Ensinanzas Artísticas e de Réxime especial e Formación Profesional de centros públicos e concertados, teñen como obxectivo recoñecer o labor daqueles docentes que levan a cabo experiencias didácticas innovadoras nos seus centros, co fin de mellorar a for-



mación do seu alumnado. En todas as convocatorias houbo unha importante participación, unha media de 50 a 70 proxectos. Sempre estiveron representadas as 4 provincias e queremos destacar o esforzo do profesorado por innovar e por presentar novidosos e interesantes proxectos nos que o máis beneficiado é sempre o alumnado.

AS OFICINAS DE EMPREGO DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE NON TERÁN ORIENTADORES LABORAIS A PARTIR DE NOVEMBRO

Redacción.- O recentemente publicado RD 818/2021 determina de modo integral e sistematizado os programas comúns de activación para o emprego, establecendo os contidos esenciais que deben formar parte dos mesmos, regulando a materia para o conxunto do Sistema Nacional de Emprego. Unha das claves que pretende consolidar o real decreto é o reforzamento da orientación individualizada por medio de persoal orientador cualificado. Para facer efectivo, o anterior, é fundamental a configuración dun sistema de orientación profesional, tal e como propugna tamén o Texto refundido da Lei de Emprego.

Aos efectos anteriores, o RD prevé a existencia dun maior volume de profesionais da orientación, promovendo medidas específicas para a súa formación permanente. A Consellería de Emprego fai oídos xordos da previsión da norma estatal.

As chamadas “políticas activas de emprego”, que como é sabido poden adoptar a forma de servizos ou de programas, en Galicia artéllanse, entre outras, a través da rede de Oficinas de Emprego, da que forman parte un total de 469 efectivos de todas as categorías profesionais, 382 funcionarios/as e 87 laborais.

O RD determina que, para a realización do Programa de colaboración para as actividades de prospección empresarial e intermediación laboral, os servizos públicos de emprego competentes poderán desenvolver as accións de prospección empresarial e inter-

mediación laboral mediante xestión directa cos seus medios propios, para o cal contarán co reforzo da rede de 3.000 persoas técnicas responsables da orientación e a prospección no ámbito do Sistema Nacional de Emprego, creada co Plan de Choque polo Emprego Xuvenil 2019-2021, así como con calquera outro reforzo que puidera establecerse no citado ámbito. Aínda, pese a telo solicitado, non sabemos cantos deses 3.000 efectivos están previstos para a nosa Comunidade Autónoma e descoñecemos tamén se se desenvolverá unha necesaria RPT que contemple a creación de prazas comprometidas na derradeira negociación.

Tendo en conta todo o anterior, o pasado día 3 de outubro UGT remitiu un escrito a esa Secretaria Xeral Técnica solicitando información da previsión da planificación aos efectos da posta en marcha dos contidos regulados no RD 818/2021, por considerar imprescindible saber como se tiña pensado regular as accións encomendadas, en tanto que sendo coñecedores da Instrución da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

A indicada Instrución determina, a través do protocolo de actuación para a realización de funcións de orientación laboral, que ós efectos desta instrución terá a condición de persoal que realiza tarefas de orientación en oficinas de emprego aquel persoal técnico do SPEG que se designe por parte da dirección da oficina de emprego para levar a cabo as funcións de orientación. Pode ser persoal

que xa estivera realizando estas funcións como parte do desenvolvemento de tarefas do seu posto de traballo ou pode ser persoal que non realizara con anterioridade esas accións de orientación laboral. O anterior, a criterio de UGT, é moi grave e semella que existe un amplo descoñecemento do que significan as competencias a desenvolver polos efectivos que deberan ter ditas funcións asociadas aos seus postos de xeito estrutural.

A Lei de emprego público de Galicia incluíu, a petición de UGT, as escalas superior e técnica de orientación laboral, considerando entón que a Consellería debería promover a súa implementación nas diferentes Oficinas de Emprego, en tanto que as prazas denominadas Coordinación de Orientación non están dotadas con efectivos pertencentes ás referidas escalas. Engádesse, en dita Instrución, por toda indicación de procedemento ás persoas que deban proceder á realización de tarefas de orientación, a referencia de uso duns manuais. A este respecto, UGT considera que se evidencia unha falta coñecemento absoluto dos contidos e tarefas propias que debe desenvolver o persoal que nutra as escalas de orientación.

Orientar non é informar nin cubrir un formulario tipo, consiste no acompañamento activo ás persoas obxecto das políticas activas de emprego, outra cousa é desvirtuar a profesionalidade de compañeiros que realizan ditas funcións.

A SECCIÓN SINDICAL DE ABANCA CELEBRA O SEU CONGRESO EN SANTIAGO

Redacción.- Cincuenta persoas delegadas celebraron na capital galega o Congreso da Sección Sindical de Abanca, elixindo ás persoas que compoñerán o órgano director desta importante sección sindical para afianzar a UGT na entidade e asumir os retos futuros que, de seguro aparecerán, coa maior garantía e responsabilidade posibles.

O secretario xeral da FeSMC UGT Galicia, Eladio Romero, dirixiu unhas palabras ás persoas asistentes corroborando a aposta de UGT por facer forte o sector de banca e protexelo das ameazas que na actualidade están latentes, como a reconversión encuberta que están a soportar. A consecución de melloras e conservación de emprego son eixos fundamentais na política sindical a desenvolver en Abanca,

dentro da unidade sindical que a FeSMC UGT Galicia achega. Destacou que esta Sección sindical é un pilar importante, que achega moito á Federación, sendo unha fonte de estabilidade que está constantemente contribuíndo e sumando.

Así, a nova Executiva queda composta por José Ramón De Pliego-Valdés González, ó fronte da Secretaría xeral; Secretaría de Organización e Coordinación Territorial, Enrique Castro Rascado; Secretaría de Administración, Francisco Barros Salgado; Secretaría de Acción Sindical, Julio Lantes Silva; Secretaría de Comunicación, Gema Mel Este-



ban; Secretaría de Previsión Social, Nuria Martín Otero; Secretaría de Atención á Afiliación, Susana Castro Alonso; Secretaría de Igualdade e Saúde Laboral, M.^a Pilar Rodríguez Sanmartín; e Secretaría de Formación, Maite Urdangarín Auzmendi.

UGT INSTA A SUBIR OS SALARIOS E MELLORAR O EMPREGO, ANTE A SUBA INCONTROLADA DOS PREZOS

Redacción.- O encarecemento dos prezos da electricidade, unido ao incremento do custo doutros produtos básicos, está a facer que para moitas familias sexa un auténtico reto chegar a fin de mes.

UGT considera que, ante este incremento dos prezos, a subida do 1,5% dos salarios de convenio, rexistrada ata o mes de setembro, e a do 1,6% do Salario Mínimo Interprofesional, que se aplica só nos últimos catro meses do ano, resultan insuficientes, o que incrementará os niveis de desigualdade e pobreza laboral, algo incompatible cunha recuperación económica sa.

Ante esta situación, o sindicato insta ó Goberno a cumprir con urxencia cos compromisos contraídos ao longo da súa lexislatura. O SMI debe seguir crescendo ata alcanzar os 1.000 euros en xaneiro de 2022 e situarse no 60% do salario medio (ao redor de 1.050 euros) no 2023. Doutra banda, tal e como se comprometeu ante a Comisión Europea, débese derrogar, canto antes, a reforma laboral de 2012 que actualmente permite que a temporalidade e a precariedade sexan as principais características definitorias do noso mercado laboral e que afundiou os salarios.

Ademais, é necesario seguir adoptando medidas extraordinarias



que limiten os beneficios das empresas eléctricas e avanzar na reforma do sistema de fixación de prezos deste sector básico para o desenvolvemento do país.

Datos

O IPC adiantado do mes de outubro rexistra unha taxa interanual do 5,5%, aumentando un punto e medio con respecto ao dato do mes anterior. Trátase do nivel máis alto alcanzado polo indicador desde setembro de 1992.

Esta subida no nivel xeral de prezos débese fundamentalmente ao comportamento da electricidade, que continúa marcando cifras récords día tras día no mercado maiorista, e, en menor medida, dos carburantes, lubricantes de vehículos e o gas.

Pola súa banda, a inflación subxacente, que exclúe aos produtos enerxéticos e os alimentos non elaborados, incrementase catro décimas, rexistrando unha taxa de variación anual do 1,4% que non se alcanzaba desde xullo de 2017, e que pode estar a anunciar aumentos estruturais do nivel xeral de prezos.

HAI QUE INICIAR 2022 SEN A LOUSA DA REFORMA LABORAL

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, lembrou que as negociacións para derrogar a reforma laboral levan un ano e medio de atraso, pola pandemia, e “por iso, temos présa e non podemos esperar. A derogación da reforma laboral débese producir este ano”. As negociacións deberían finalizar a finais do mes de novembro, para que posteriormente prodúzase a tramitación parlamentaria e o ano que vén comece “quitando esa lousa, que representa a reforma laboral do PP, na cabeza das traballadoras e traballadores do noso país”.

Álvarez, que fixo estas declaracións nunha rolda de prensa antes de participar nunha asemblea de delegados e delegadas, avogou por recuperar o equilibrio das relacións laborais porque “a reforma da negociación colectiva que fixo o PP deulle moi bos resultados a eles e aos empresarios, pero deu moi malos resultados aos traballadores e traballadoras. Por iso, hai que volver á prevalencia do convenio sectorial sobre o de empresa, recuperar a ultraactividade dos convenios e, en definitiva, ter un sistema de negociación colectiva homologable coa contorna dos países da UE”.

Dixo que hai que dar un “xiro radical á contratación” ante a degradación permanente que sofre no noso país (temporalidade, utilización de contratos parciais para logo aumentar a xornada sen declarala e, en moitas ocasións, sen pagar as horas, etc.) Un diagnóstico compartido, ás veces, coa patronal ao que hai que poñer remedio, aínda que “cando falamos do remedio a pa-

tronal xa non está tan de acordo”.

Aumentar as sancións á contratación irregular

Afirmou que, aínda que recortar o número de contratos e poñer un tope máximo de temporalidade é importante, “non cremos que sexa a pedra filosofal para liquidar o problema”. Para corrixir a temporalidade e a precariedade, hai que reforzar a Inspección de Traballo, con máis recursos materiais e humanos. Os empresarios deben saber que, en calquera momento, poden ter unha inspección no seu centro de traballo e pódese levantar acta se cometen unha infracción. E, ademais, queremos unha “táboa de sancións que disuada ás empresas de utilizar a irregularidade como método de contratación das traballadoras e traballadores. Queremos que aumenten as sancións e que cando un traballador sexa contratado por unha empresa nunha situación de irregularidade ese traballador teña como mínimo dous anos de contratación fixa, nos que non poida ser despedido”. Isto permitiríanos acabar coa actual situación de temporalidade que hai no noso país.

En resposta a Pablo Casado

Respecto ás declaracións de Pablo Casado de quitar “barreiras sindicais” e posicionarse en favor dos empresarios para manter a reforma laboral do Goberno do

PP, Álvarez sinalou que “non sabía que os sindicatos somos unha traba. Nunca ninguén nos definía así. O Sr. Casado debería lerse a Constitución que, no seu título VII, outorga un valor constitucional importante aos sindicatos. Non se pode abrazar cada día a Constitución e logo cuspi-la. Dicar iso en relación coas organizacións sindicais é non respectar a Constitución, non respectar o Estado de Dereito e quitar dereitos á maioría dos cidadáns e cidadás do noso país. Se non fora pola acción das organizacións sindicais, con toda seguridade, perderíamos dereitos, sobre todo se goberna o Partido Popular”.

Acordo histórico para preservar o poder adquisitivo dos pensionistas

O secretario xeral de UGT referiuse tamén ao acordo de pensións, “que foi histórico e vai permitir que os pensionistas do noso país teñan garantida a recuperación do poder adquisitivo conforme ao IPC. Hoxe, tendo en cuenta como está o IPC, esta é unha moi boa noticia para os xubilados e xubiladas do noso país” e lembrou que a reforma de pensións de 2013 do Goberno de Mariano Rajoy só prevía unha recuperación máxima de aumento do 0,25%.

Destacou a desaparición do factor de sustentabilidade e lembrou que “temos aberta unha segunda mesa da Seguridade Social para buscar medidas para equilibrar os ingresos cos gastos. Un tema encarrilado”.

HAI QUE SEGUIR IMPULSANDO POLÍTICAS PARA ESTABLECER UN NOVO MODELO DE CRECEMENTO MÁIS XUSTO E SOSTIBLE

Redacción.- O avance da Contabilidade Nacional do terceiro trimestre do ano mostra que a actividade continúa crecendo a bo ritmo, apuntando a unha progresiva superación da crise pandémica impulsada pola extensión da vacinación e a paulatina eliminación das restricións de mobilidade e condicionantes de consumo en lugares físicos. Debemos congratularnos pola normalización dos resultados económicos e, sobre todo, porque é consecuencia directa da mellora sanitaria e da acertada estratexia realizada desde o Goberno, co respaldo na maioría das medidas adoptadas, dos interlocutores sociais, baseada na extensión das medidas de protección social e do emprego.

As cifras coñecidas hoxe, con todo, coinciden cun momento no que algúns organismos nacionais e internacionais anunciaron a

revisión á baixa das previsións de crecemento da economía española para o próximo ano, debido ao impacto da escaseza dalgúns compoñentes industriais e do encarecemento dos prezos do gas e doutras materias primas. Aínda que é certo que o contexto económico actual apunta a que se producirá un certo freno do crecemento económico previsto, UGT considera que isto non fai senón reforzar a necesidade de actuar con maior decisión mesmo na posta en marcha dos investimentos económicos e sociais que o país necesita para construír un novo modelo produtivo máis eficiente e sostible e un estado de benestar máis robusto. O sindicato considera que é preciso actuar nunha tripla dirección:

Dun lado, España debe aproveitar os fondos europeos para impulsar, co maior consenso, proxectos industriais que teñan o ca-

lado suficiente para transformar o noso patrón de desenvolvemento, priorizando as actividades con maior valor engadido e a xeración de emprego máis produtivo, estable e de calidade.

Doutra banda, é imprescindible protexer o poder adquisitivo das persoas traballadoras, cuxas capacidades de consumo están a verse recortadas como consecuencia do encarecemento do prezo da factura eléctrica, afectando con iso ao gasto final en consumo dos fogares, principal motor do crecemento do PIB. Iso implica reequilibrar a negociación colectiva para que os salarios crezan de maneira acorde ao novo escenario e continuar aumentando o SMI, para evitar o aumento das situacións de pobreza, e incentivar os empregos de calidade, coherentes co novo modelo produtivo que buscamos.

A LEI DE VIVENDA, UNHA RESPOSTA INSUFICIENTE E POUCO AMBICIOSA Á EMERXENCIA HABITACIONAL

Redacción.- Máis dun millón de desafiuzamentos executados desde 2008 e un incremento dos prezos do alugueiro de ata o 50% ata 2019 esixen unha lei máis completa e eficiente. O Goberno non incorpora as propostas de UGT, que pasan por impulsar un plan ambicioso para consolidar un parque público de vivendas suficiente que erradique os graves problemas que existen no noso país nesta materia

A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores valora a Lei de Vivenda aprobada en Consello de Ministros pero considéraa pouco ambiciosa e nada garantista respecto á emerxencia habitacional que arrasa o noso país, que se materializa en máis dun millón de desafiuzamentos executados desde que estalase a crise económica de 2008 e nun incremento dos prezos do alugueiro de ata un 50% entre 2013 e 2019, segundo o Banco de España.

Despois de acumular case 8 meses de atraso respecto ao compromiso ad-

quirido, UGT sinala que as medidas anunciadas son insuficientes para blindar a función social que desempeña a vivenda, o que supón perder unha oportunidade histórica para garantir, de forma permanente e estrutural, o dereito constitucional a unha vivenda digna, adecuada e alcanzable. Desta maneira, a lei acordada queda bastante corta respecto ás medidas que vimos reclamando desde o sindicato, así como das propostas recollidas na lei elaborada pola Iniciativa Lei de Vivenda, da que UGT é promotora e parte activa.

Por todo iso, o sindicato esixe ao Goberno que recapacite e incorpore garantías reais para asegurar o Dereito á Vi-



venda, incorporando as propostas de UGT, que promovan un plan ambicioso para consolidar un parque público de vivendas suficiente e erradiquen problemas tan graves no noso país como o elevado número de desafiuzamentos, a burbulla do prezo dos alugueiros ou a pobreza enerxética, entre outras cuestións.

"AS PENSÍONS ESTÁN ABSOLUTAMENTE GARANTIDAS PARA 2050 E PARA 2100"

Redacción.- A secretaria de Política Institucional e Políticas Territoriais de UGT, Cristina Estévez, aclarou que, a pesar das campañas e falsidades cuestionando o futuro do sistema público de pensións, promocionadas por aqueles que queren facer negocio con elas, "as pensións están absolutamente garantidas para 2050 e 2100 e que serán mellores", pero para iso hai que reforzar a sustentabilidade do sistema actuando sobre os ingresos. Porque o problema non é de gastos, senón de ingresos. Neste sentido, lembrou que se cargaron gastos improprios ao sistema de pensións, que deben custearse por outras vías, como os PXE, tal e como se acordou no marco do diálogo social.

Estévez que fixo estas declaracións durante a súa intervención na mesa redonda sobre: "Como serán as pensións que teremos en 2050", no marco da xornada sobre o futuro do envellecemento, enunciou algunhas medidas para garantir os ingresos do sistema e mellorar as pensións, entre elas: actuar sobre o atraso da idade efectiva de xubilación e as causas polas que a xente se xubila antes de tempo contra a súa vontade, sufrindo fortes recortes

nas súas pensións. "Hoxe a idade media de saída involuntaria do mercado laboral é duns 62 anos: por cada ano que se eleve recortárase o gasto en pensións ata un punto do PIB e aumentarán tamén os ingresos para pagar esas pensións".

Por outra banda, hai que aumentar o PIB, con medidas para mellorar o emprego e a produtividade, o que á súa vez repercutirá en mellores salarios e máis ingresos por cotizacións. Isto permitirá mellorar as pensións.

Estévez lembrou que se está negociando un Mecanismo de Equidade Interxeracional para garantir a solidariedade entre xeracións e defendeu destinar a porcentaxe necesaria da nosa riqueza en función do número de pensionistas, de tal forma que, se a xeración que se xubila é máis grande, como a baby boom, o gasto en pensións debe aumentar; pois tamén achegou máis ao progreso do país e ao nivel de vida das seguintes xera-



cións.

Criticou a reforma de pensións de 2013 do Goberno do PP. Unha reforma que de levarse a cabo provocaría, á súa vez, unha caída progresiva da riqueza e o emprego en España, tal e como recoñece nun informe o experto en pensións, José Antonio Herce. Por tanto, a cociente custo-beneficio de destinar unha parte importante da nosa riqueza para alimentar o sistema público de pensións é positiva. Así mesmo, a Secretaria de Política Institucional e Políticas Territoriais defendeu que se cotice polos ingresos reais (RETA e destopes).